



SISTEMATIZACIÓN E EDICIÓN DE BOAS PRÁCTICAS COEDUCATIVAS CUNHA PERSPECTIVA ECOFEMINISTA

“CONSTRUÍNDO COMUNIDADES COEDUCATIVAS ACTIVAS POLA IGUALDADE E
A SUSTENTABILIDADE: O COIDADADO DAS PERSOAS E O PLANETA NO CENTRO”

AECID (2023/PRYC/001023)

Proxecto “Construíndo comunidades coeducativas activas pola igualdade e a sustentabilidade: o coidado das persoas e o planeta no centro”

CRÉDITOS

Edita:



Título: Sistematización y edición de buenas prácticas coeducativas con perspectiva ecofeminista.

Autoría: Isis Labrunie y María Ovejero Alonso.

Coordinación: InteRed.

Ilustraciones: Joly Navarro Rognoni.

Diseño e maquetación: Rubén Íñiguez Pérez.

Data: Marzo 2026.

Este material está baixo unha licenza Creative Commons Atribución/Reconocimiento -NoComercial-CompartirIgual 4.0 Internacional (CC BY-NC-SA 4.0)/ Creative Commons NonCommercial-ShareAlike 4.0 International 4.0 International.
Para ver unha copia desta licenza, : <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/>



Financia:

A edición desta publicación foi realizada co apoio financeiro da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID), con cargo ao proxecto “Construíndo comunidades coeducativas activas pola igualdade e a sustentabilidade: o coidado das persoas e o planeta no centro” (AECID 2023/PRYC/001023). O contido desta guía é responsabilidade exclusiva de InteRed e non reflicte necesariamente a opinión da AECID.



ÍNDICE

Resumo executivo	4
1. Introducción	6
2. Fundamentos e proceso	7
3. Descrición do proxecto	10
4. Aprendizaxes	12
5. Boas prácticas coeducativas	16
6. Recomendacións	22



Resumo executivo

A presente sistematización recolle as **principais aprendizaxes de InteRed no marco do proxecto “Construíndo comunidades coeducativas activas pola igualdade e a sustentabilidade: o coidado das persoas e o planeta no centro”** financiado pola Axencia Española de cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID).

Este **proxecto desenvolveuse en oito centros educativos de Castela e León, Euskadi e Galicia, durante os anos 2024 e 2025**. Por medio do mesmo logrouse a implicación de docentes, alumnado, familias e axentes sociais en procesos formativos, espazos de reflexión e accións de mobilización arredor dos ecofeminismos. Estes abordáronse desde a interdependencia (rede de coidados necesaria para a supervivencia) e a ecodependencia (recoñecemento da dependencia da natureza para soste-la vida). Partindo desta mirada, o proxecto enfocouse en tres dimensións complementarias: a **capacitación crítica e creativa do alumnado** como axente de cambio; o **fortalecemento de capacidades do profesorado e as familias**; e a **construción de redes** entre comunidades educativas e organizacións do territorio.

Desde InteRed apostamos pola **reflexión colectiva** para mellorarmos o noso traballo. Con ese espírito, desenvolvemos un proceso de sistematización que buscou comprender en profundidade o proxecto, analizando que ocorreu, como e baixo que condicións. Así, a través de xornadas participativas e a revisión documental, analizamos o proxecto desde seis dimensións (marco conceptual, contexto, axentes, natureza da intervención, execución e logros) co obxectivo de **transformar a experiencia en coñecemento crítico**.

Este proceso permitiu identificar boas prácticas, recoñecer dificultades e extraer aprendizaxes estratéxicas, presentando recomendacións prácticas para a súa aplicación. Desa maneira, **ponse ese coñecemento ao servizo de futuras iniciativas**, tanto dentro de InteRed coma noutras organizacións e comunidades educativas comprometidas cunha transformación que sitúe o coidado das persoas e do planeta no centro.

Durante o proceso de sistematización, unha das principais aprendizaxes alcanzadas foi a importancia de **aterrar os marcos teóricos en ferramentas prácticas** que orienten a acción cotiá; establecendo indicadores, metodoloxías, linguaxes e diná-

micas organizativas coherentes. Así mesmo, constatamos que traballar coa comunidade educativa implica **recoñecer as desigualdades de partida, especialmente as relacionadas co xénero e a pobreza de tempo** das docentes, nais e persoas coidadoras, e deseñar estratexias realistas e graduais de participación familiar.

A reflexión durante o proceso amosounos que crear **grupos motores de docentes**, intentar **aliñar as actividades do proxecto cos calendarios escolares e adaptar lingüística e culturalmente os materiais**, son aspectos clave para lograr a apropiación das intervencións. Do mesmo xeito, resulta necesario contar con **equipos técnicos suficientes ao longo de todo o proxecto**, que sexan quen de soste r vínculos a medio e longo prazo, de participar activamente nas redes territoriais para reforzar a incidencia política e a lexitimidade social da educación ecofeminista, e que se sintan acompañados e coidados.

Na identificación de boas prácticas levada a cabo durante o proceso, destacan, entre outras, a **combinación de metodoloxías innovadoras e saberes tradicionais** que amplía as ferramentas didácticas e fortalece o vínculo co territorio, a produción de **materiais didácticos accesibles e visualmente atractivos**, ou a aposta pola **aprendizaxe en fervenza**, onde o alumnado é protagonista creando materiais e replicando contidos entre iguais. Estas boas prácticas convértense en ferramentas estratéxicas para ampliar o alcance e a continuidade do proxecto.

O propio **proceso de sistematización**, con acompañamento externo especializado, valórase como **unha práctica de coidado institucional e de xestión estratéxica do coñecemento**. Non só permitiu identificar logros e áreas de mellora, senón comprender as condicións que favorecen -ou dificultan- as transformacións educativas. Este exercicio reafirma a importancia de incorporar espazos formais, periódicos e participativos de reflexión que permitan axustar e mellorar as intervencións.

Este documento ofrece aprendizaxes transferibles e recomendacións prácticas concretas que fortalecen a profundidade e sostibilidade dos procesos coeducativos. Entre eles, realizar **diagnósticos participativos** cun enfoque interseccional; integrar as accións no **currículo formal**; planificar a **comunicación como eixe estratéxico** das intervencións; incorporar **metodoloxías cualitativas** na avaliación; ou promover a **participación vinculante do alumnado** como suxeito político.

A difusión dos achados alcanzados durante o proceso de sistematización, que facemos a través do presente documento, nace da convicción de InteRed de que a reflexión compartida e o intercambio de experiencias enriquece o noso labor e impulsa a transformación.



1. Introducción

Vivimos en tempos de crise social, ambiental e de coidados. Fronte a este sistema inxusto e insostible, que degrada as condicións de vida e multiplica as desigualdades, os ecofeminismos defenden algo revolucionario: **poñamos a vida no centro**. Ou o que é o mesmo, prioricemos a sustentabilidade da vida humana e natural por riba do beneficio económico ou o crecemento material.

Desde **InteRed**, sabemos que a educación é unha peza clave para este cambio de paradigma. Por iso, comprometémonos cunha educación transformadora, que xere participación activa e comprometida, a prol da xustiza, a equidade de xénero e a sustentabilidade ambiental.

Durante 2024 e 2025 este compromiso tomou forma no proxecto “Construíndo comunidades coeducativas activas pola igualdade e a sustentabilidade: o coidado das persoas e o planeta no centro”, financiado pola AECID, no que participaron máis de cinco mil persoas pertencentes a comunidades educativas de Castela e León, Galicia e Euskadi. Nese percorrido agromaron experiencias poderosas, que orientarán as nosas accións futuras.

Conscientes de que as experiencias se non se reflexionan e comparten, dilúense, impulsamos este proceso de sistematización: para mirar con profundidade o vivido, comprender non só que se fixo, senón **como, por que e en que condicións foi posible**. Con iso buscamos **converter a práctica e a memoria en coñecemento crítico**, que sexa de valor non só para a nosa organización, senón para os que comparten a visión de que **educar non é só transmitir contidos, senón cultivar conciencia crítica, corresponsabilidade e acción colectiva**.

Por iso, este documento nace cunha **vocación práctica e colectiva**. Busca ser **útil para comunidades educativas e organizacións sociais** que apostan por unha educación transformadora e respectuosa co medio natural. Ao longo das súas páxinas preséntanse boas prácticas detectadas durante o proceso de sistematización, así como aprendizaxes transferibles e, a partir dos dous, formúlense recomendacións concretas para a súa **réplica ou adaptación** en proxectos similares.

**Porque educar desde o ecofeminismo é tecer redes,
coidar procesos e soste a esperanza organizada.**



2. Fundamentos e proceso

Para levar a cabo esta sistematización contamos cunha consultoría externa especializada en educación transformadora e planificación institucional participativa cun enfoque de xénero. Tras revisar a documentación e mais os produtos xerados durante o proxecto, as consultoras deseñaron unha proposta metodolóxica á medida para facilitar dúas xornadas intensivas de reflexión co equipo técnico de InteRed involucrado no proxecto, tanto da sede central coma das delegacións de Galicia, Castela e León e Euskadi.

As xornadas foron máis de trece horas de traballo colectivo a través de dinámicas participativas para promover a reflexión crítica. Non se trataba só de revisar resultados, senón de preguntarnos:

**QUE
APRENDIZAXES
DEBEMOS
INTEGRAR PARA
NON REPETIR
ERROS?**

**POR QUE OS
PROCESOS
OCORRERON
COMO
OCORRERON?**

**QUE
CONDICIÓN
OS FIXERON
POSIBLES?**

**QUE
PRÁCTICAS
PAGA A PENA
REPLICAR?**

DE QUE SERVE SISTEMATIZAR

O obxectivo xeral deste proceso foi xerar coñecemento crítico e situado a partir das experiencias coeducativas desenvoltas, contribuíndo ao fortalecemento de comunidades educativas ecosociais e ecofeministas con capacidade de análise, transformación e proxección futura.

De maneira máis concreta, a sistematización permitiunos:

- Comprender a **lóxica** profunda da intervención, alén dos resultados.
- Identificar **boas prácticas e leccións aprendidas** desde unha perspectiva ecofeminista.
- Analizar como influíron os **contextos territoriais e as adaptacións** realizadas en cada territorio.
- Extraer **elementos replicables** para futuros proxectos no ámbito ecosocial.
- Achegar á construción da **identidade ecofeminista** da organización.
- Elaborar este **produto comunicativo** para compartir o aprendido e fortalecer o traballo en rede.

SEIS ÁREAS PARA MIRAR EN PROFUNDIDADE

A proposta metodolóxica combinou **análise documental e reflexión presencial**, saíliendo o proceso vivido. Traballouse desde círculos de diálogo e metodoloxías similares ás que promovemos nos espazos educativos: participación equitativa, escoita activa, horizontalidade e coidado dos tempos e as voces. Aínda que non participaron directamente todas as axentes educativas implicadas, os seus relatos, materiais e evidencias estiveron presentes como parte fundamental da análise.

Para ordenar a reflexión, estruturamos a análise en seis dimensións interconectadas, atravesadas por preguntas guía que orientaron tanto as xornadas participativas coma a revisión documental:

Marco conceptual: revisamos a aliñación entre o proxecto e a misión, principios e identidade ecofeminista de InteRed, analizando a coherencia entre discurso e práctica.

Contexto: exploramos como as realidades sociais, culturais e políticas dos territorios de implementación (Galicia, Castela e León e Euskadi) influíron no proxecto e as adaptacións realizadas para lles dar respostas ás necesidades específicas existentes.

Axentes: identificamos as actrices e os actores implicados na intervención, os seus saberes, niveis de participación nas distintas etapas e barreiras de acceso, así como o momento organizativo de InteRed e o seu impacto na intervención.

Natureza do proxecto: analizamos como e por que a formulación da intervención fortaleceu ou debilitou a súa implementación, desde os prismas de poder, xénero e sustentabilidade.

Execución e melloras: revisamos criticamente a execución concreta, que se fixo, como se fixo, que axustes foron necesarios e que enfoques innovadores emerxeron.

Logros: alén dos indicadores, analizamos a coherencia entre metas, actividades, persoas e contextos, valorando os logros alcanzados e, sobre todo, as leccións aprendidas que poden orientar futuras intervencións.

Durante a reflexión sobre cada un destes eixes fóronse identificando as boas prácticas e aprendizaxes que se recollen no presente documento.



3. Descrición do proxecto

Este **proxecto**, desenvolto por Intered co apoio da AECID, nace coa idea de fortalecer comunidades educativas que queiran ser parte activa da transformación social. Unha transformación que poña no centro o coidado das persoas e do planeta, en coherencia coa Axenda 2030 e cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

Para iso, dirixímonos a toda a comunidade educativa —profesorado, equipos directivos, familias, alumnado e organizacións sociais— porque a súa participación é imprescindible na tarefa compartida de educar.

O proxecto levouse a cabo en oito centros educativos de Galicia, Euskadi e Castela e León, nos niveis de primaria, secundaria e ciclos formativos (incluíndo alumnado universitario en diferentes actividades do proxecto), con especial atención a contextos rurais e comunidades con menos acceso a este tipo de iniciativas.

QUE PRETENDIAMOS?

Queríamos acompañar os centros, poñendo o foco na acción do alumnado e a formación do profesorado, nun proceso que reforzase o seu papel como espazos de pensamento crítico, participación e compromiso. Para iso traballamos desde un enfoque de dereitos humanos e desde unha mirada ecofeminista que nos permitiu profundar en ideas clave como a **ecodependencia** (a nosa dependencia da natureza para soste-la vida) e **interdependencia** (a importancia dos coidados e os vínculos para o benestar comunitario). Deste xeito, dividimos o proxecto en tres eixes:

- **Fortalecemento do persoal dos centros educativos e familias (RESULTADO 1):** formacións e accións de sensibilización para promover coñecementos, habilidades e actitudes no profesorado e as familias para incorporar a igualdade e a sustentabilidade ambiental no ámbito educativo.

- **Capacitación do alumnado (RESULTADO 2):** desenvolvemento de espazos e materiais formativos dirixido ao alumnado para identificar as causas da crise ecosocial do sistema, recoñecendo o labor das defensoras dos Dereitos Humanos e do territorio. Apoio a mobilizacións artísticas (artivismo) e de rúa para a promoción da transformación social.

- **Fortalecemento do traballo en rede (RESULTADO 3):** creación de vínculos entre as comunidades educativas participantes a través de encontros para o intercambio de saberes, experiencias e prácticas educativas transformadoras con perspectiva ecofeminista, reforzadas a través da difusión de recursos comunicativos a un público amplo.

COMO O FIXEMOS?

Apostamos por **metodoloxías participativas e vivenciais co alumnado**, utilizando ferramentas de aprendizaxe experienciais (como fotovoice, pódcast ou fanzine) que conectasen a realidade local cos desafíos globais, favorecendo aprendizaxes significativas e comprometidas. **Rescatamos os saberes tradicionais e a cultura local** aplicados nas mobilizacións polos territorios como reivindicación por unha nova cultura da terra como, por exemplo, a través das regueifas galegas, o teatro social ou o vídeo documental. Reforzamos a **capacitación do profesorado** en temas ecofeministas con acompañamento próximo e mediante formacións en liña. Tamén acompañamos futuras profesionais do ámbito socioeducativo (de distintos ciclos formativos e da Universidade Santiago de Compostela) integrando a mirada transformadora desde o inicio da súa formación.

O proxecto aliñouse especialmente coa meta 4.7 dos ODS (“Asegurar a adquisición de coñecementos necesarios para promover o desenvolvemento sostible en todas as súas variantes”), promovendo unha coeducación orientada á xustiza social, a equidade de xénero, a acción polo clima e a construción de comunidades sostibles.



4. Aprendizaxes

As aprendizaxes son **leccións que emerxen da experiencia, especialmente dos desafíos e dificultades atopados e elementos non previstos inicialmente**, e que, ao ser analizados de forma crítica, orientan a mellora de accións futuras.

Neste proceso, as aprendizaxes formúlanse como orientacións prácticas dirixidas tanto a InteRed coma a outras entidades ou axentes que impulsen iniciativas similares ao proxecto implementado, tras a identificación das áreas de mellora que se detectaron durante a sistematización, intentando con iso evitar a súa repetición nun futuro. Presentámolas estruturadas en catro niveis: **estratéxico, identificación e deseño, implementación e seguimento**, co fin de facilitar a súa comprensión e aplicación nas distintas fases que implican unha intervención destas características.

NIVEL ESTRATÉGICO

A1. Cómpre aterrar os enfoques teóricos.

Definir de maneira explícita o marco conceptual e os valores que orientan as accións de calquera organización é fundamental para garantir a súa incorporación efectiva nos proxectos que leven a cabo (enfoque ecofeminista, educación transformadora, de xénero interseccional, de idade, diversidade, entre outros). Dispor de documentación estratéxica que delimite estes enfoques é necesario, pero non suficiente: esta planificación debe acompañarse de ferramentas prácticas que permitan operativizalos, definindo parámetros para asegurar a súa integración real e transformadora.

A2. A sistematización e transmisión de aprendizaxes é primordial.

Fronte á alta rotatividade do persoal que caracteriza tanto os centros educativos coma as organizacións ligadas aos proxectos de Educación para a Cidadanía Global e o Desenvolvemento Sostible, a xestión do coñecemento, a súa preservación e difusión é necesaria para asegurar que se teñen en conta experiencias pasadas e non se repiten erros.

A3. Traballar coa comunidade educativa esixe interpelar activamente ás familias.

No noso contexto, a noción da comunidade educativa ten un desenvolvemento limitado. Traballar desde este enfoque -entendendo como un todo interdependente o persoal dos centros educativos, o alumnado, as familias e a contorna social- require unha aposta sostida no tempo para construír identidade colectiva e corresponsabilidade. No caso das familias, resulta especialmente relevante: incorporalas aos proxectos sen un traballo previo de vinculación e recoñecemento mutuo pode xerar sobrecarga e frustración, ao demandar niveis de participación que non sempre contan coas condicións materiais, temporais ou culturais necesarias.

A4. Contar cun equipo técnico suficiente é clave.

As organizacións deben contar con persoal técnico adecuado e suficiente durante todas as fases do proxecto para promover a eficacia e mais o impacto da acción. Así mesmo, a planificación dos recursos humanos debe contemplar cargas de traballo realistas para evitar o desgaste das persoas.

IDENTIFICACIÓN E DESEÑO

A5. Os diagnósticos participativos son unha ferramenta valiosa para a formulación de proxectos e intervencións.

Realizar diagnósticos que identifiquen as características, necesidades e capacidades dos territorios permite deseñar proxectos máis pertinentes e fortalecer o compromiso das comunidades coa súa implementación. Achegando, ademais, información clave para unha mellor xestión de expectativas das partes que interveñen durante a implementación, así como a adopción de estratexias para asegurar a coherencia da intervención coa diversidade social, cultural e de xénero presente; facilitando a adecuación e diferenciación de indicadores segundo cada contexto.

A6. Cómpren as estratexias realistas para o traballo coas familias.

LA participación familiar, que pode ser limitada por factores de tempo, acceso ou recursos, necesita ser abordada desde aprendizaxes previas, integrando estratexias que faciliten a implicación gradual e sostible, e fortalecendo a coordinación co profesorado para xerar un vínculo escola-familia efectivo e equitativo. Así mesmo, incorporar as familias, as súas necesidades e intereses

nos diagnósticos participativos previos á implementación das accións amósase determinante para a súa implicación e interese nas actividades que se leven a cabo. É fundamental que esa análise se realice cun enfoque de xénero que considere as causas -e prevexa estratexias mitigadoras- para a pobreza de tempo das nais e persoas coidadoras; que adoitan ser o principal vínculo entre o centro e a familia.

A7. A adecuación aos tempos e aos cronogramas dos centros educativos é determinante para o alcance das accións.

Os centros educativos adoitan definir a súa planificación académica con antelación, a miúdo pechando o calendario das actividades ao final do curso anterior, o que condiciona a súa capacidade para incorporar novas iniciativas. Non considerar esta dinámica pode xerar desaxustes temporais e longos períodos sen actividade. Integrar a lóxica do calendario escolar no deseño do proxecto resulta clave para favorecer a articulación curricular, optimizar os tempos e ampliar o seu impacto. Doutra banda, planificar as actividades de maneira que coincidan ou se complementen con outras iniciativas do centro educativo facilita a conciliación dos tempos e os recursos, e incrementa a participación das familias e especialmente das nais.

A8. As actividades dos proxectos deben contemplar a construción de redes.

Impulsar redes comunitarias, interinstitucionais e políticas fortalece a coordinación e a capacidade de incidencia política, garantindo que liñas de traballo como coeducación, igualdade e ecoloxía poidan manterse fronte a cambios ou resistencias institucionais. Esta proposta transcende a duración de calquera proxecto, pero a súa articulación require recursos e debe contemplarse nos orzamentos.

IMPLEMENTACIÓN

A9. A comunicación é un eixe clave para a transformación social.

A comunicación e a difusión de actividades, desde o inicio e ao longo de toda a implementación dun proxecto, é esencial para asegurar a súa visibilidade, impacto e alcance. Trátase de construír relato, xerar sentido compartido e facer partícipe a comunidade do proceso de transformación. Cando a comunicación é planificada e sostida no tempo convértese nunha ferramenta de articulación colectiva, lexitimación social e multiplicación de aprendizaxes.

A10. O deseño das actividades de formación docente condiciona a súa participación e interese.

Os programas de formación demasiado extensos ou cunha gran carga de actividades sincrónicas (con horarios fixados, aínda que sexan virtuais) poden xerar desmotivación e abandono por parte do profesorado. O seu limitado tempo debe ser compensado con incentivos atractivos para asegurar a participación.

A11. O idioma pode incidir na participación das familias.

O idioma pode limitar a participación das familias nas actividades do centro e do proxecto, especialmente de persoas migrantes ou que non falen a lingua do territorio (como éuscaro e galego no caso concreto deste proxecto). Incorporar estratexias para aumentar o coñecemento da comunidade educativa sobre estas barreiras, e adaptar a comunicación e os materiais tendo en conta orixe, cultura e outras dimensións interseccionais favorece a participación de todas as familias. Para iso, cómpre un diagnóstico previo que permita coñecer o contexto no que se incide.

SEGUIMIENTO

A12. Manexar expectativas claras e anticipadas reduce as frustracións e facilita a participación.

Comunicarlles de maneira transparente e con suficiente antelación os obxectivos, responsabilidades e limitacións do proxecto ao persoal da organización e ás titulares de dereitos e responsabilidades reduce o desgaste, prevén as frustracións e fortalece a colaboración durante a execución do proxecto.

A13. Favorecer un enfoque cualitativo na avaliación das actividades.

Basearse unicamente en métricas cuantitativas, como test pre e post en formacións ou un seguimento de actividades baseado só en números, limita a comprensión real do impacto dunha acción e prívanos dunha información valiosa á hora de melloralas no futuro. Incorporar métodos cualitativos e participativos -como os que recolleamos no apartado final deste documento- permite recoller aprendizaxes máis valiosas sobre cambios de actitude, comprensión e prácticas.



5. Boas prácticas coeducativas

Ao longo do proceso de sistematización do proxecto, identificáronse boas prácticas que consideramos importante salientar, entendéndoas como aquelas **accións ou estratexias, previstas ou inesperadas, que incorporamos no proxecto, e que cremos que teñen un valor engadido** de cara a ter en conta ou replicar en futuras intervencións.

Presentamos estas boas prácticas seguindo a estrutura de catro niveis desenvolta no apartado de aprendizaxes.

NIVEL ESTRATÉXICO

B1. Incidir na formación socioeducativa é clave para unha educación transformadora.

O traballo con alumnado e docentes de estudos vinculados á rama social e educativa, tanto a nivel de ciclos formativos coma universitarios, demostrou ser estratéxico para a promoción dunha educación transformadora. A súa participación permite integrar enfoques críticos, coeducativos, de xénero interseccional e ecofeministas desde a formación inicial, potenciando futuros/as profesionais capaces de promoveren prácticas inclusivas, equitativas e sostibles.

B2. Recoñecer a participación do alumnado universitario con créditos ECTS.

A través dun convenio entre InteRed e a Universidade de Santiago de Compostela a formación dirixida ao alumnado foi recoñecida a través de créditos universitarios, incentivando a súa participación e motivación.

B3. Fortalecer as redes e os vínculos impulsa a incidencia política.

A pertenza de InteRed a coordinadoras autonómicas de ONG e a movementos sociais, permitiu acceder a diversos espazos políticos ou desbloquear nós que paralizan o desenvolvemento normalizado dos proxectos e, en xeral, o

importante labor das comunidades educativas como axentes políticos. En Euskadi, por exemplo, InteRed forma parte do grupo de EpTS da Coordinadora de ONG, que funciona como espazo de articulación e incidencia sobre temas comúns.

B4. Aproveitar oportunidades de sinerxías e manter vínculos próximos favorece futuras intervencións.

Existen espazos de encontro diversos nas diferentes CCAA nos que se abordan temáticas ecosociais e feministas (xornadas universitarias, espazos veciñais, encontros de asociacións de familias...), nos que se pode dar a coñecer o traballo da organización e xerar novas sinerxías que favorezan o desenvolvemento de futuros proxectos. Do mesmo xeito, comprobouse que manter os vínculos entre a organización e os centros educativos, persoal docente, AFAs... mesmo cando non exista un proxecto en marcha, facilita o inicio ou a continuidade das intervencións.

IDENTIFICACIÓN E DESEÑO

B5. Afianzar os centros educativos e identificar un grupo motor de profesorado incrementa o sentimento de pertenza.

Realizar unha boa identificación do persoal docente motivado cara ao proxecto e implicado desde a súa formulación, que poida conformarse como “grupo motor”, favorece a participación e apropiación real por parte do centro. Outros factores importantes que se comprobou que suman, son que as persoas integrantes dese grupo teñan un posto estable (evitando interinidades) e que se conte co apoio do equipo directivo. Do mesmo xeito, o traballo continuado cos mesmos centros, favorecendo relacións a medio-longo prazo, apoia o sostemento das intervencións.

B6. Incorporar accións do proxecto no programa curricular promove unha maior implicación do profesorado.

Os contidos formativos do proxecto foron integrados tanto en materias concretas (como no caso da materia “Sostibilidade” de ciclos sociosanitarios en Euskadi) coma de forma transversal (nos ciclos formativos de Integración Social, Atención a persoas en situación de dependencia ou Educación Infantil en Castela e León). Esta experiencia amosou que adaptar as actividades ao currículo lectivo non só facilita a súa continuidade e sostibilidade, senón que serve como apoio á planificación didáctica e ao desenvolvemento de contidos, diminuindo a carga de traballo do profesorado e impactando directa-

mente na súa motivación. Así mesmo, articular actividades do proxecto con materias de contidos afíns lexítima os enfoques transformadores no marco educativo formal e facilita recursos para traballar temáticas como igualdade de xénero e ecoloxía.

B7. Un proxecto vivo, flexible e adaptado a cada contexto, ten maiores probabilidades de éxito.

Cada territorio ten unhas peculiaridades concretas que deben ser reflectidas e tidas en conta desde o inicio. A pesar diso, durante a execución poden xurdir alteracións non previstas, debido a esas peculiaridades, polo que é importante que durante a preparación non se establezan fórmulas ríxidas, permitindo marxe de adaptación.

B8. Coñecer o público obxectivo e os seus intereses, marca a intervención.

Identificar claramente as persoas beneficiarias de cada actividade e as súas características, para asegurar que os produtos que se elaboran lles resulten atractivos e prácticos, é fundamental. Destacamos aquí a creación de pezas audiovisuais que captaron a atención das beneficiarias tanto por sentirse recoñecidas territorial e lingüisticamente coma representadas por franxa de idade.

- Vídeo *“O futuro non se vende. Mulleres defensoras en pé de terra”* dispoñible en: <https://www.youtube.com/watch?v=EXjfBmOFA6Y&t=609s>.

B9. Basearse en experiencias previas á hora de seleccionar as actividades e os produtos.

Nutrirse de coñecementos e boas prácticas previas da organización implementadora, que conseguiron resultados positivos en proxectos anteriores, favorece a comunicación entre diferentes territorios e delegacións e o intercambio de experiencias e produtos. Como exemplo en InteRed, atopamos o uso de técnicas como o fotovoice ou os fanzines desenvolto polo alumnado, que en proxectos anteriores tiveron unha alta aceptación e que por iso se incorporaron novamente nesta ocasión.

IMPLEMENTACIÓN

B10. Adaptar cada actividade e produto para recoñecer a riqueza da diversidade.

Durante a execución do proxecto, foi fundamental adaptarse ás características concretas do contexto en cada momento, modulando a linguaxe e as mensaxes, así como ter elaborado e traducir os materiais ás linguas cooficiais, no

caso de Galicia e Euskadi. Isto foi clave para que as/os participantes se sentisen identificadas, promovendo maior conexión co territorio e o seu coidado.

B11. O uso de metodoloxías diversas aumenta a motivación do alumnado.

Poñer en práctica metodoloxías que resultan novidasas para a comunidade educativa, que promoven narrativas transformadoras (como fotovoice, pódcast, pintura mural ou fanzines), e á súa vez, intercalar ou fusionalo con metodoloxías máis artesás, poñendo en valor o “facer coas mans”, impulsou a motivación do alumnado. Esta alternancia entre o dixital e o manual amplía as linguaxes pedagóxicas e responde á necesidade de diversificar as formas de aprender e participar.

Así mesmo, a incorporación de persoas e recursos do territorio, como as re-gueifas en Galicia ou o teatro social en Castela e León, enriqueceu o proceso e fortaleceu o vínculo entre os centros educativos e a comunidade, promovendo “aulas porosas”, abertas e conectadas coa súa contorna.

EXEMPLOS PRÁCTICOS DE METODOLOXÍAS

Fanzines ecosociais para o coidado da contorna e a comunidade

Centro / entidade: Lekeitioko Herri Eskola (Biscaia)

Coidar o futuro: sostibilidade e coidados desde a FP a través do teatro social

Centro / entidade: Colegio La Milagrosa y Santa Florentina, Valladolid (Castela e León)

Pensamento crítico e acción ecosocial desde a educación secundaria

Centro / entidade: IES Pedro Floriani, Redondela (Pontevedra, Galicia)

Educación ecosocial en contextos non formais e de alta complexidade

Centro de mulleres privadas de liberdade (Madrid)

Proposta de fichas para a sistematización de boas prácticas ecosociais

B12. A aprendizaxe en fervenza multiplica o impacto.

Converter o alumnado en axentes formativos asegura a sostibilidade e mais a continuidade das aprendizaxes, á vez que potencia o seu alcance; especialmente cando o proceso impulsa a análise crítica e promove o liderado na creación de materiais didácticos propios. Isto observouse no caso de Galicia, onde o alumnado dun centro educativo elaborou un recurso pedagóxico (panel expositivo “*A Aldea dos Coidados*”) e presentóullelo a estudantes doutros centros. Do mesmo xeito, InteRed puido utilizar este material en sesións formativas en

diferentes niveis educativos, demostrando como un produto pedagóxico creado desde a comunidade educativa pode viaxar, inspirar e seguir multiplicando impacto alén do seu contexto de orixe.

B.13 Converter o alumnado en protagonista transformao en axente activo de cambio.

O profesorado participante sinalou que a aposta pola autonomía do alumnado e o fortalecemento do seu pensamento crítico o apodera na creación das súas propias mensaxes e reivindicacións ecosociais, e os converte en actores e actrices imprescindibles para impulsar as mobilizacións e os procesos de transformación social.

B14. O fortalecemento das capacidades do profesorado en clave ecofeminista é unha liña de intervención prioritaria.

Facilitarlle formación en liña ao profesorado en temáticas que resultaban interesantes para inserir na súa práctica docente tivo unha boa acollida e, consonte a valoración das persoas participantes, aumentou a súa capacidade e coñecementos en materia de crise ecosocial. Do mesmo xeito, o encontro virtual de intercambio de boas prácticas visibilizou saberes e experiencias, reforzando o enfoque ecofeminista e ecosocial. O formato deste último posibilitou unha ampla participación, respectando os tempos de cada persoa e facilitando a conciliación ao ofrecer a posibilidade de conexión sincrónica e asincrónica.

B15. Elaboración de materiais didácticos atractivos para alcanzar máis público.

A creación de materiais de calidade, contextualizados e visualmente interesantes, ten unha dobre utilidade. Por unha banda, conseguiu atraer centros educativos e alumnado, e por outra, facilitará no futuro o acceso de InteRed a novos centros servindo como carta de presentación. Algúns exemplos son:

- Guía didáctica e vídeo *O futuro non se vende. Mulleres defensoras en pé de Terra*: <https://intered.org/recursos/guia-didactica-el-futuro-no-se-ven-de-mujeres-defensoras-en-pie-de-tierra>
- Guía didáctica *Educación para o coidado das persoas e o planeta: actividades ecosociais nas aulas*: <https://intered.org/recursos/educar-para-el-cuidado-de-las-personas-y-el-planeta-actividades-ecosociales-en-las-aulas>
- Manual *Cara a unha vida que coida: ecofeminismo e decrecemento zero waste*: <https://intered.org/recursos/manual-hacia-una-vida-que-cuida-ecofeminismo-y-decrecimiento-zero-waste>

SEGUIMIENTO

B16. Xerar espazos de encontro e reflexión entre o equipo técnico promove prácticas de coidados.

As reunións interterritoriais non só son espazos de articulación, senón tamén de acompañamento, apoio mutuo, coidados, inspiración, compartir boas prácticas, dificultades ou propostas de mellora de cada territorio. Aínda que se realizaron principalmente de maneira virtual debido a que as distancias dificultaban outros formatos, tanto as técnicas coma as coordinadoras valoran moi positivamente estes espazos durante toda a execución.

B17. Un equipo de traballo multidepartamental achega unha visión máis ampla.

Contar cun equipo de traballo motor por parte de InteRed, que combine tanto a participación das técnicas que implementan directamente o proxecto coma das coordinadoras de cada delegación territorial e da sede central, permitiu unha intervención máis enriquecedora ao poder achegar cada unha desde a súa posición e coñecementos, máis acompañada e unha mellor distribución das cargas.

B18. Acompañamento de procesos por parte de servizos técnicos especializados.

Contando co seu apoio e experiencia non de xeito puntual, senón en procesos máis amplos, facilitando que unha mesma consultora poida elaborar diferentes produtos ou materiais dentro da súa especialización, de maneira que o proxecto sexa entendido desde unha visión de conxunto. Un exemplo diso é a formación ás técnicas e posterior acompañamento para a posta en práctica dos coñecementos adquiridos.

B19. A sistematización favorece a comprensión e valoración do traballo.

A realización dun proceso de sistematización que incluíu sesións presenciais do persoal de InteRed, e do que se extrae o presente documento, valórase como algo fundamental por parte de todo o equipo participante, ao permitir unha reflexión crítica sobre o proxecto e o seu contexto, cunha orientación de cara ao futuro.



6. Recomendacións

Das aprendizaxes e boas prácticas identificadas podemos tirar unha serie de recomendacións para ter en conta en futuras intervencións. Presentámolas, a seguir, mediante propostas prácticas e concretas que favorezan o impacto das accións levadas a cabo para promover unha educación transformadora desde un enfoque ecofeminista.

NIVEL ESTRATÉXICO

- **Para que os enfoques transversais incidan realmente na cultura organizacional, é imprescindible traducilos en ferramentas prácticas e formar as persoas na súa aplicación.** Como punto de partida, recoméndase priorizar o desenvolvemento e a implementación de instrumentos sinxelos e operativos (tal como *checklists* e modelos) integrados nos procesos claves da organización ou do centro educativo. Dado que non é posible abordar todos os enfoques de forma inmediata, cómpre realizar un exercicio honesto de análise das nosas capacidades e limitacións, establecer prioridades segundo o contexto e avanzar de maneira progresiva, cunha visión estratéxica de afondamento e ampliación no tempo. Para atender eixes interseccionais como xénero, raza, clase, idade, diversidade e orientación sexual, pode ser pertinente **contar con apoio técnico especializado ou alianzas** con colectivos, organizacións e/ou persoas con experiencia na aplicación dos distintos enfoques.

- **Fortalecer los mecanismos de xestión do coñecemento é fundamental** para non repetir erros, aproveitar os coñecementos adquiridos e reforzar a coherencia institucional. Non só é importante documentar o realizado, senón xerar procesos reflexivos que permitan comprender como e por que se producen determinados resultados e que apunten cara a cambios necesarios. Nesta liña, **recoméndase incorporar polo menos dous momentos formais de sistematización durante a implementación dun proxecto:** un intermedio

que coincida cun fito relevante e que permita realizar axustes na implementación; outro ao peche, para recoller aprendizaxes, boas prácticas e desafíos pendentes.

- Para fortalecer o vínculo escola-familia-comunidade cómpre avanzar de forma gradual e realista, investindo en procesos de vinculación. Recoméndase **xerar espazos de participación accesibles e corresponsables**, poñendo atención ás barreiras de xénero que adoitan dificultar a participación das mulleres, así como outras desigualdades sociais e diversidade culturais que condicionan a participación. Cómpre **establecer mecanismos concretos e progresivos de implicación**, como poden ser comisións mixtas, consultas periódicas ou encontros comunitarios, que permitan construír identidade colectiva sen xerar sobrecarga. A **articulación entre familias, centros e organizacións ou plataformas do territorio** pode reforzar este proceso, así como ampliar a capacidade de incidencia social e política desde unha perspectiva interseccional.

- Recoméndaselles ás entidades e ONG da área de coeducación **integrar, de maneira prioritaria ás accións, estudantes de ciclos formativos, graos e posgraos vinculados á educación e ámbito social**, tal como: Integración Social, Atención a persoas en situación de dependencia, Educación Infantil, Maxisterio, Pedagogía, Traballo Social, Psicoloxía, Educación Social, Mestrado en Profesorado etc. Recoméndase recoñecer a participación do alumnado universitario mediante a asignación de créditos ECTS, contribuíndo a valorar académicamente a súa implicación e aprendizaxe neste tipo de iniciativas.

- É moi pertinente contar cun **equipo técnico suficiente e estable en todas as fases dunha intervención**, cunha distribución realista das tarefas e responsabilidades. No caso concreto deste proxecto de InteRed, despréndese a recomendación de que cada delegación conte con persoal técnico durante toda a implementación, ademais da implicación da coordinación.

- **Participar regularmente en espazos afíns (universitarios, veciñais, asociativos...)** permite **fortalecer relacións** de confianza, manter unha comunicación constante e xerar sinerxías, facilitando o inicio e a continuidade das propostas e, nun futuro, o desenvolvemento de novas intervencións. Esta recomendación relaciónase coa anterior, xa que require un equipo técnico suficiente para evitar a sobrecarga de perfís clave, como as coordinacións.

IDENTIFICACIÓN E DESEÑO

- **Definir metas e indicadores de participación familiar realistas desde a formulación do proxecto** é clave. Isto implica realizar unha análise previa interseccional e con perspectiva de xénero, identificando barreiras como tempo dispoñible, cargas de coidado, condicións laborais ou fendas culturais e lingüísticas, e planificar estratexias específicas que faciliten a implicación de todas as familias.

- **Realizar diagnósticos participativos con enfoque de xénero** ao identificar as accións que se van realizar é fundamental, involucrando o profesorado (e o Grupo Motor, no caso de que fose identificado) e as familias. Contemplar recursos para apoio externo neste proceso de identificación en contextos descoñecidos, permite conseguilo sen sobrecargar o equipo técnico. En calquera caso, é fundamental coñecer as persoas coas que se colabora (as súas características, motivacións e necesidades) e utilizar esta información tanto para a planificación como para poder realizar axustes sobre a marcha, dado que a flexibilidade é necesaria para lograr que as accións respondan ao contexto e fomenten o compromiso e a motivación.

- As relacións sostidas entre os centros educativos e as socias/os clave permite profundar a confianza, mellorar a coordinación e facilitar intervencións eficaces. Por iso, convén **colaborar de maneira repetida e sucesiva cos aliados/as cos que se obtivesen bos resultados en accións anteriores**.

- **Integrar as actividades, os produtos e os resultados do proxecto no currículo educativo**, desenvolvendo materiais de apoio específicos para a/s materia/s en cuestión, permite incorporar temáticas transformadoras sen xerar carga adicional para o profesorado.

- **Aliñar o cronograma das actividades coa planificación anual dos centros é unha prioridade** para as organizacións que traballan en educación. Aínda que harmonizar o calendario escolar cos tempos das subvencións e o ano administrativo pode resultar complexo, planificalo desde o deseño da intervención minimiza desaxustes temporais. Ademais, **vincular as accións coas familias nas datas xa previstas no calendario escolar** (xornadas de portas abertas, días temáticos etc.) e manter relacións fluídas coas AFAs facilita a participación e a conciliación.

- Cómpre **incorporar nos proxectos recursos e actividades para a creación de redes entre ONG** e axentes clave da comunidade educativa. Recoméndanse formatos como mesas de concertación, foros temáticos, comunidades de aprendizaxe, redes virtuais ou xornadas comunitarias. Estes espazos ademais de servir para a articulación tamén poderán promover alianzas estratéxicas para a incidencia coas autoridades.

IMPLEMENTACIÓN

- Para favorecer a implicación sostida e a participación activa, **recoméndase adecuar os contidos, o ritmo e a metodoloxía dos procesos formativos dirixidos ao profesorado**, respondendo ás súas necesidades reais, sendo fundamental coñecer previamente os seus intereses, tempo que poderían destinar á formación, metodoloxía máis atraente... Considérase prioritaria a incorporación do enfoque ecofeminista no fortalecemento das capacidades docentes, facilitándolles ferramentas pedagóxicas que integren a xustiza ambiental e a igualdade de xénero na práctica educativa. Do mesmo xeito, constitúe un valor engadido o tratar de **incorporar formacións recoñecidas e validadas**, que poidan computar nas oposicións e certificacións oficiais, sempre que sexa posible no marco normativo correspondente, xa que iso incrementa significativamente a motivación e o compromiso do profesorado.

- Valórase positivo **integrar metodoloxías innovadoras, combinadas de maneira equilibrada con enfoques pedagóxicos tradicionais**, co fin de enriquecer os procesos de aprendizaxe e a elaboración de produtos de calidade. Esta combinación metodolóxica contribúe a reforzar a motivación e a implicación activa do alumnado. Así mesmo, destacamos a relevancia de **aplicar metodoloxías mixtas vinculadas á terra e ao territorio** que promovan a aprendizaxe experiencial, o contacto coa contorna e a conexión entre os contidos traballados e a realidade cotiá do alumnado, reforzando así o seu interese e compromiso. O cadro de exemplos prácticos da páxina 19 ofrece propostas concretas para traballar a educación ecosocial de forma situada.

- É recomendable **garantir a accesibilidade lingüística e comunicativa das actividades** mediante a tradución de materiais, a interpretación simultánea e/ou o acompañamento lingüístico cando for necesario. Na mesma liña, constitúe unha boa práctica **incorporar recursos gráficos e visuais** que faciliten a

comprensión dos contidos e favorezan unha participación máis inclusiva, realizando as adaptacións que se consideren necesarias (sinais culturais, referencias xeográficas, grupo etario...). Igualmente, tamén resulta relevante **deseñar grupos orientados a perfís específicos** e adaptar as sesións formativas ás súas características e necesidades, evitando a homoxeneización e apostando polas adaptacións ad hoc, asegurando así procesos de aprendizaxe máis pertinentes, equitativos e efectivos.

- Recoméndase **planificar a comunicación como un elemento estratéxico da intervención**, integrándoa durante toda a implementación e asegurando a súa coherencia cos obxectivos do proxecto. Así mesmo, é unha boa práctica **contar con persoal especializado en comunicación**, o que facilita a adecuada segmentación de públicos e a adaptación da mensaxe, á vez que se consegue un maior aproveitamento dos materiais elaborados, maximizando así o seu alcance e o impacto.

- **Contar con servizos externos especializados**, como deseñadoras gráficas, expertas en comunicación social e/ou nas temáticas específicas que aborda o proxecto, que traballen desde unha mirada ecofeminista, resulta de gran relevancia. Esta colaboración interdisciplinar achégalles un valor engadido significativo aos procesos e aos produtos finais. Aconséllase **investir no deseño e a elaboración de materiais atractivos e coherentes cos enfoques do proxecto**, destinando unha partida concreta do orzamento para iso, xa que reforza a calidade, mellora a capacidade de difusión e aumenta o impacto nos distintos públicos destinatarios.

- É aconsellable implicar **o alumnado** tamén como **axentes formadores** que repliquen entre pares os coñecementos adquiridos, de maneira que se traballe unha estratexia de multiplicación do impacto e se impliquen na creación de materiais que poidan atraer a súa atención de cara a promover procesos transformadores desde a corresponsabilidade.

- Para asegurar unha transformación profunda e de impacto a longo prazo, recoméndase promover a **participación activa do alumnado ao longo de todo o proxecto**. Para iso é clave desenvolver metodoloxías que aseguren que as súas voces non sexan só consultivas senón vinculantes, como suxeitos políticos con capacidade para incidir nos tempos e procesos concretos nos que participan.

SEGUIMENTO

- É recomendable **comunicarlle de maneira clara, transparente e coa debida antelación** os obxectivos, alcances, responsabilidades e limitacións do proxecto ao equipo técnico da organización, así como a todas as persoas implicadas.
- É fundamental **incorporar metodoloxías cualitativas participativas** como entrevistas en profundidade, observación participante, grupos focais e recollida de narrativas das participantes, como parte central do proceso de avaliación das actividades e formacións, superando o uso exclusivo de instrumentos cuantitativos estandarizados como os tests e promovendo procesos máis horizontais, reflexivos e transformadores.
- Cómpre **incrementar o número de espazos presenciais de coordinación multidepartamental** para favorecer o seguimento operativo dos proxectos, a escoita activa, a reflexión compartida e os coidados. Paralelamente, e tal e como se avanzaba no segundo punto do nivel estratéxico, considérase fundamental integrar a **avaliación e a sistematización como procesos continuos e transversais ao longo de toda a implementación do proxecto**, e non unicamente ao final orientado á rendición de contas. A este respecto, cómpre contar co maior número de voces en representación dos/as diferentes axentes implicados/as, o cal enriquecerá o proceso, fortalecendo a aprendizaxe continua e o coidado colectivo.
- Aconséllase **contar con colaboracións de consultorías especializadas ao longo de todo o proxecto**, favorecendo que poidan desenvolver procesos completos, sen segmentalos en produtos illados. Aínda que a continuidade en certas alianzas pode achegar coherencia metodolóxica e confianza mutua, é importante **evitar dinámicas de homoxeneización que limiten a pluralidade de enfoques e saberes**. A contratación reiterada das mesmas persoas ou perfís pode reducir a diversidade de perspectivas ao reproducir miradas únicas ou nesgadas, o que é contraproducente para o profundamento dos enfoques transversais (decolonial, diversidade, etario, xénero etc.).

RELATOS ECOTÓPICOS

